
PLAN ANUAL DE LECTURA 23-24



CEIPP SANTA MARÍA

ÍNDICE

1. Contextualización e xustificación	3
2. Obxectivos	5
3. Criterios metodolóxicos	12
4. Recursos	13
5. Actividades	15
6. Coordinación coas familias e outros organismos	19
7. Criterios de avaliación	20

1. CONTEXTUALIZACIÓN E XUSTIFICACIÓN

O CEIPP Santa María trátase dun colexio feito polos emigrantes en Cuba.

É de titularidade pública (Consellería de Educación o Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia). O centro consta de dúas unidades de EI e seis de EP, cun equipo docente formado por 15 membros e no curso actual, con 119 alumnos/as.

A xustificación lexislativa da aparición do Proxecto Lector (PL) aséntase, por unha banda, no sinalado na **Lei Orgánica 3/2020 pola que se Modifica a Ley Orgánica de Educación (LOMLOE)**, nela recóllese a necesidade de propiciar as condicións que permitan o oportuno cambio metodolóxico, de forma que o alumnado sexa un elemento activo no proceso de aprendizaxe, con experiencias de **innovación metodolóxica** que se poderán poñer en marcha a través dunha **biblioteca activa**, buscando o desenvolvemento integral do alumnado cun **enfoque competencial**. Nos artigos 19.3, 24.8 e 25.6 indícase, entre outros aspectos, que a comprensión lectora e a expresión oral e escrita se traballarán en todas as áreas e que a fin de fomentar o hábito de lectura dedicarase un tempo diario á mesma. Por outra banda, no

Decreto 155/2022 do 15 de setembro polo que se establece o currículo de Educación Primaria en Galicia, no seu artigo 16.5 establece como un dos principios pedagóxicos a lectura como factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave e sinala a incorporación dun tempo diario de lectura e práctica de oratoria. Ademais no seu artigo 33.1 salienta a necesidade de elaborar e aplicar no centro un plan de lectura coa finalidade de promover a lectura.

No noso centro desenvólvese un proxecto lector dende o **2007/2008** pero é no curso, **2012/2013**, no que se lle dá un xiro, coa inclusión no PLAMBE (Plan de Mellora de

Bibliotecas Escolares), Plan no que continuamos.

Na **Resolución do 20 de setembro de 2023** pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das bibliotecas escolares sinala que o plan de lectura se concretará anualmente no Plan Anual de Lectura que se incluírá na Programación Xeral Anual, coordinándose estas actuacións dende a biblioteca.

Neste curso continuaremos traballando con Proxectos Documentais Integrados.

Desenvolverase só un proxecto co título ***A Lili do futuro***.

A diversidade informativa na que a sociedade está inmersa esixe novos procesos de aprendizaxe que incidan no desenvolvemento de habilidades e competencias lingüísticas e lectoras, que son a base para a adquisición do coñecemento e da aprendizaxe para o longo da vida.

É por iso imprescindible dotar aos alumnos e alumnas de hábitos de lectura fundamentados en competencias lectoras sólidas, na alfabetización nas tecnoloxías avanzadas e novas linguaxes, na capacidade de acceso a unha variada tipoloxía textual e visual, en actitudes críticas, reflexivas e creativas así como no manexo de estratexias para acceder á información.

Neste contexto o desenvolvemento de contidos das diferentes áreas é o marco máis apropiado para a aprendizaxe da lectura eficaz. Os centros contamos con diferentes instrumentos para a adquisición do hábito lector e o manexo da información e canto máis adquirido estea este hábito, máis posibilidades terá o alumnado de avanzar no camiño do coñecemento.

Así pois, este plan anual de lectura será un documento a desenvolver a durante o curso de xeito flexible, realista e operativo. Vai partir da análise do contexto en materia de lectura e contará coa participación do profesorado das distintas áreas e niveis. Terá a

biblioteca escolar e as bibliotecas de aula como recursos fundamentais.

2. OBXECTIVOS

O **obxectivo xeral** e último é formar aos nosos alumnos e alumnas como **lectores competentes en todos os soportes e contextos**, entendendo por estes aos que manifestan unha serie de **habilidades**:

1. Empregan os coñecementos previos para darlle sentido á lectura.
2. Dirixen de xeito autónomo a súa lectura: atención, consciencia sobre a comprensión, corrección de erros...
3. Empregan estratexias para acadar a comprensión.
4. Realizan inferencias: comprensión de termos polo contexto.
5. Realizan preguntas e hipóteses sobre o lido.

Para que os lectores e lectoras presenten ditas habilidades é preciso traballar a adquisición dos seguintes **obxectivos**:

- Desenvolver a competencia lectora.
- Favorecer a competencia literaria.
- Educar no uso crítico da información.
- Fomentar o hábito da lectura.
- Apoiar a adquisición de competencias clave.
- Consolidar a biblioteca como centro de recursos e cultura do colexio.

Máis polo miúdo entendemos que estes obxectivos se desenvolven do seguinte xeito:

1 Desenvolver a competencia lectora:

Formar aos nosos alumnos e alumnas na competencia lectora implica que realicen a aprendizaxe dos distintos códigos escritos, visuais, sonoros, cinematográficos...

Traballando con moitos tipos de soportes: textos narrativos, poemas, cancións, cómic, imaxes, fotografías, pintura, gráficos, textos informativos, esquemáticos, publicitarios, xornalísticos... e integrando as TIC e prácticas lectoras en todos os soportes e situacións contextualizadas.

2 Favorecer a competencia literaria:

É un traballo enfocado para que os nenos e nenas lean literatura polo propio pracer de ler co fin de realizar determinadas tarefas con obxectivos curriculares en progresión de dificultade e que o fagan en diversos soportes.

Empregando itinerarios lectores, que son unha selección de títulos axeitados para cada nivel dos nenos, escollidos con criterios de calidade e en función de obxectivos recollidos neste mesmo proxecto.

Este curso faremos os itinerarios enfocados cara ao proxecto que temos en marcha titulado **A Lili do futuro**.

3 Educación no uso crítico da información:

A información é aquilo que percibimos e sintetizamos despois de interiorizar un documento lido, sendo ademais un elemento fundamental no proceso de comunicación.

Así, para que os alumnos sexan lectores e lectoras competentes, deben ler dun xeito autónomo, crítico, construtivo, selectivo... e isto procúrase cun traballo previo, durante e despois da lectura para este fin, e ir así consolidando estes hábitos.

Podemos alcanzar dito fin a través da educación documental xa que engloba todas as actividades que buscan a capacitación do alumnado para o uso crítico das diversas fontes informativas.

4 Fomentar o hábito da lectura:

A idades temperás a adquisición dun hábito é interiorizado para o resto da vida, por iso é tan importante traballar este obxectivo no alumnado de Educación Infantil e Primaria.

O fin é que o neno e nena, despois da súa escolarización, de forma autónoma, lea en diferentes soportes e en diversos contextos, e que o faga dunha forma cotiá na súa vida, que interioricen a necesidade e os beneficios destas condutas lectoras.

5 Apoiar a adquisición das competencias clave:

Considerando que as competencias clave rodean todas as propostas e dinámicas do centro, quedan definidas especialmente para este proxecto como:

- A comunicación lingüística (CCL).
- Tratamento da información e a competencia dixital (CD).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).
- A competencia para aprender a aprender (CAA).

6 Consolidar a biblioteca como o centro de recursos do colexio:

A LOMLOE, no seu artigo 113, fai unha mención específica ás bibliotecas escolares sinalando: “os centros de ensino disporán dunha biblioteca escolar ... que contribuirá a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas... debendo contribuír estes espazos a facer efectivos os principios pedagóxicos... a utilización dos recursos da biblioteca escolar supón un importante factor para o logro da competencia en comunicación lingüística”.

Queda de manifesto que para a posta en práctica do plan de lectura, a biblioteca é un instrumento imprescindible, que a nosa comunidade escolar organiza e dinamiza como un centro de recursos para a lectura, a información e a aprendizaxe, de carácter dinámico e en constante actualización.

Así entendida a biblioteca escolar, proporciona ao profesorado e ao alumnado a oportunidade para o emprego de múltiples recursos que permitan unha progresiva autonomía na aprendizaxe e na lectura, promovendo o tratamento integrado das linguas.

En definitiva, mediante a biblioteca escolar perséguese como obxectivo último crear cidadáns e cidadás conscientes e interesados no desenvolvemento e na mellora das súas competencias clave.

Os **obxectivos específicos** para as distintas etapas e niveis serían os seguintes :

Educación Infantil
<ul style="list-style-type: none"><input type="checkbox"/> Fomentar o interese pola lectura.<input type="checkbox"/> Enfocar a lectura como unha actividade pracenteira.<input type="checkbox"/> Favorecer a comprensión lectora coa axuda de imaxes.<input type="checkbox"/> Iniciar ao alumnado no proceso da lecto-escritura.

1º Ciclo de Educación Primaria

- Adquirir a mecánica lecto-escritora.
- Desenvolver habilidades de comprensión lectora.
- Proporcionar ao alumnado diferentes tipos de textos e en diferentes soportes.
- Favorecer a creación propia de texto escrito.
- Fomentar actitudes de interese pola lectura.
- Iniciar no uso autónomo da biblioteca.

2º Ciclo de Educación Primaria

- Ler con fluidez, entoación, puntuación e velocidade correctas.
 - Ler e representar diferentes tipos de textos: poéticos, teatrais, narrativos...
 - Facer inferencias das lecturas.
- Desenvolver unha actitude crítica ante os contidos dos diferentes textos.
- Coñecer a organización e funcionamento da biblioteca escolar.
 - Iniciar na busca autónoma de información a través dos distintos soportes.
 - Traballar a composición propia de distintos tipos de textos: descrições, narracións, opinións...

3º Ciclo de Educación Primaria

- Afianzar a lectura individual comprensiva e silenciosa.
- Expresarse por escrito con coherencia, orde e claridade.
- Identificar a estrutura de diferentes tipos de textos.
Identificar nos textos o punto de vista do autor, a información oculta, o dobre sentido, a ironía...
- Comprender textos provenientes da publicidade, dos xornais, de Internet...
- Entender a lectura como unha actividade necesaria para enriquecerse culturalmente e como fonte de lecer.
- Colaborar nas tarefas de dinamización da biblioteca.

3. CRITERIOS METODOLÓXICOS

Fundamentamos o traballo nos mesmos criterios metodolóxicos que impregnarán o labor docente que desenvolvemos no centro:

1. Ser unha actividade adaptada ás necesidades, características e intereses da comunidade escolar.
2. Ter un enfoque funcional e operativo, traballando a través de proxectos documentais integrados, *este curso A Lili do futuro*.
3. Ser o resultado dunha reflexión e un traballo conxunto e coordinado por todos os membros.
4. Ser flexibles ás melloras e cambios que a propia dinámica provoque.
5. Empregar todos os recursos, soportes e contextos que sexan posibles, de xeito que sexan dinámicos e estimulantes para o alumnado.
6. Manter colaboración familia-escola, potenciando a participación da familia no proceso.
7. Cargar de significado calquera experiencia lectora.
8. Crear un ambiente lector que favoreza o achegamento aos libros e a lectura, onde se poña en valor esta actividade.

4. RECURSOS

4.1. Recursos humanos

- A propia **comunidade educativa**: mestres, alumnado, familia...
- **Equipo de Biblioteca**: Debido á gran relación existente entre o Plan de lectura e a biblioteca escolar, é fundamental que o dinamizador e os membros do equipo de biblioteca faciliten e aporten os recursos necesarios para facilitar o alcance dos nosos obxectivos.

Claustro de mestres/as: todos eles de forma conxunta e coordinada son a ferramenta clave para facer realidade a posta en práctica do Plan de lectura de Centro, así mesmo incluírán nas súas programacións as actividades previstas segundo a temporalización que nel se acorde, establecendo, conforme á LOMLOE a dedicación diaria para a inclusión de prácticas lectura e oratoria acordando os 20 minutos despois do tempo de lecer.

- **Entidades culturais do entorno**: a biblioteca do Concello, as bibliotecas familiares ou calquera outra infraestrutura cultural que poidan aportar coñecemento e contidos para o proxecto.

4.2. Recursos materiais

- Biblioteca de aula.
- Biblioteca de centro. É un recurso fundamental xa que aporta gran información en moitos soportes diferentes, que servirán de apoio e medio

para o proxecto.

- Material impreso. Contamos con libros, revistas, cómics, publicacións periódicas e xornais.
- Material audiovisual: ordenadores, internet, pizarra dixital (PDI), DVD, vídeo e equipo de música.

No curso 2012/2013 entramos a formar parte do PLAMBE (Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares).

(Ver Plan de Biblioteca)

5. ACTIVIDADES

Serán flexibles e abertas á realidade educativa do noso centro.

Propostas de actividades:

Actividades de centro a nivel xeral:

- Lecturas compartidas en streaming.
- Hora de ler. Establécense vinte minutos diarios de lectura despois do tempo de lecer. Faranse distintos tipos de lectura dependendo do nivel educativo do alumnado (lectura de imaxes, silenciosa, individual, colectiva, etc...)
- Libros, contos ou historias: Elaboración utilizando as TICs de pequenos libros, contos ou historias relacionados coa temática do proxecto.
- Colaboración nas actividades que o Concello nos propoña.
- Mochilas viaxeiras:
Disponse dunha mochila por clase que os nenos irán pasando cada 7 días. Dentro irá un caderniño para que as familias e o alumnado deixen escritas as súas impresións sobre a experiencia.
- Cada titor preparará a mochila do seu curso incluíndo distintos xéneros e soportes. Todo nas tres linguas contempladas no currículo integrado tal e como se indica no Programa de Centro Plurilingüe. Neste curso irá incluído un libro relacionado co proxecto que estamos a traballar.

- Xogos:
Elaboraranse xogos para celebrar o Día das Bibliotecas Escolares, cos que se elexiran distintos aspectos da mochila viaxeira.
- Contacontos.
- O bo narrador. Traballarase a narración oral coa pretensión de mellorar a expresión oral, incidindo na dicción, o control da postura e a linguaxe corporal.
- Concursos.
- Proxectos documentais integrados. Este curso levaremos a cabo o proxecto titulado ***A Lili do futuro***. Estará implicado todo o centro. As actividades comúns a todos os niveis e as distintas celebracións estarán relacionadas con dito proxecto.
- Pautas para os pais sobre como fomentar o hábito lector.
- Desde a biblioteca propoñeranse actividades de fomento da lectura.
- Blog “Bibliolili” onde se van publicando as nosas experiencias e onde poderán topar diversos recursos relacionados co ámbito lector:

<http://bibliolili.blogspot.com.es/>

Actividades para Educación Infantil:

- Identificar o seu nome.
- Realizar lectura de contos.
- Poñer título e texto a debuxos, contos de imaxes...
- Facer dramatización de contos.
- Ler contos en voz alta por parte do mestre titor.
- escoitar de contos no ordenador, nun CD...
- Ilustrar contos.
- Dramatizar co teatro de sombras
- Facer lecturas nas tres linguas contempladas no proxecto lingüístico.

Actividades para Educación Primaria:

- Manipular libremente libros na biblioteca.
- Organizar exposicións de libros preferidos.
- Facer lectura na biblioteca en voz alta de contos.
- Elaborar murais sobre contos.
- Organizar pequenas representacións de diferentes tipos de textos.
- Organizar por aulas o **recuncho de lectura** onde poden ir o alumnado que rematan as distintas tarefas de clase.
- Elaborar fichas de lectura.
- Elaborar guías de lectura recomendadas por ciclos, así como suxestións para lecturas en períodos de vacacións.
- Facer lecturas nas tres linguas contempladas no proxecto lingüístico.
- Ler en todo tipo de soporte e modalidades

Temporalización de actividades:

Moitas das actividades, tales como lectura diaria ou semanal, terán continuidade ao longo de todo o curso. A lectura diaria será de vinte minutos e farase despois do tempo de lecer en todos os niveis.

Outras actividades iránse adecuando coa idade do alumnado, así como ao interese que esperten no grupo de alumnos en que se desenvolven.

As actividades feitas dun xeito puntual en torno a un acontecemento extraordinario serán realizadas de forma diaria ou semanal.

6. COORDINACIÓN COAS FAMILIAS E OUTROS ORGANISMOS

É importante implicar ás familias nas actividades deseñadas en relación ao fomento da lectura. Así propoñeranse xuntanzas de pais a nivel de etapas coa finalidade de explicar como adquirir o hábito lector. Proporemos tamén lecturas das nais e pais nas diferentes aulas.

Así mesmo facilitarase a participación nas actividades propostas a nivel de Concello que teñan a lectura como eixo vertebral. Tamén se acollerá calquera actividade proposta pola ANPA encamiñada a conseguir os obxectivos propostos no Proxecto.

7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O proceso de avaliación será sempre flexible, global e continuo. Realizarase en diferentes momentos do curso; un primeiro contacto inicial para estudar a realidade concreta do centro, ao longo dos diferentes trimestres e ao finalizar o curso para valorar o traballo feito e os aspectos de mellora cara o vindeiro curso.

Teremos en conta para avaliar o proceso lector:

- O interese, a motivación e a participación nas actividades propostas.
- Rexistro semanal do dinamizador da biblioteca xunto cos axudantes, dos préstamos feitos.
- Progreso por aulas na mecánica e comprensión lectoras.
- Revisión periódica dos libros da biblioteca.
- A efectividade dos recursos.
- Grao de consecución dos obxectivos propostos.